

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

### b) NOMEAMENTOS

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 20 de xullo de 2009, da Conselleira de Sanidade, pola que se procede ao nomeamento dos membros do Comité Científico do Plan galego de preparación e resposta á pandemia de gripe.*

Por Orde do 18 de febreiro de 2005 creouse a Comisión Asesora do Plan galego de preparación e resposta á pandemia de gripe. O artigo 5 prevía a posibilidade de constituír os grupos de traballo específicos que considerase necesarios para o estudo e formulación das propostas que deberá de coñecer e estudar a comisión, antes da emisión do seu informe.

A Orde do 29 de xuño de 2009 creou un grupo de traballo denominado Comité Científico do Plan galego de preparación e resposta á pandemia de gripe (PGPRPG), baixo a coordinación da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, e coas funcións determinadas no artigo 2 da orde citada.

De conformidade co artigo 3 da ndita orde, o comité estará composto por entre seis e dez profesionais da comunidade autónoma, con demostrada experiencia en aspectos relacionados coa epidemioloxía, co manexo, diagnóstico, tratamento e seguimento de enfermidades transmisibles producidas por virus. A composición terá en conta a diversidade de disciplinas que require a análise e a xestión deste tipo de situacións.

O artigo 4 da citada Orde do 29 de xuño de 2009, determinaba que os membros do comité serán nomeados e cesados por acordo da conselleira de Sanidade, por proposta da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación. O nomeamento farase por un período máximo de tres anos contado desde a súa data.

Con data do 16 de xullo de 2009, a directora xeral de Saúde Pública e Planificación, realizou a proposta de nomeamento de membros, de conformidade co previsto no artigo 4 da Orde do 29 de xuño de 2009.

En consecuencia, conforme as facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, reformada pola Lei 11/1988, do 22 de outubro, en relación co artigo 4 da Orde do 29 de xuño de 2009,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Nomear as persoas indicadas no anexo da presente orde, como membros do Comité Científico do Plan galego de preparación e resposta á pandemia de gripe, así como ao secretario de actas do mesmo comité.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2009.

María del Pilar Farjas Abadía  
Conselleira de Sanidade

#### ANEXO

#### Relación de membros do Comité Científico do Plan galego de preparación e resposta á pandemia de gripe

-Julio Torres Piñón (departamento de Microbioloxía Hospital Meixoeiro/Complexo Hospitalario Universitario de Vigo).

-Juan García Costa (departamento de Microbioloxía Hospital Sta. María Nai/Complexo Hospitalario de Ourense).

-Pedro Llinares Mondéjar (departamento de Medicina Interna-Infeciosos/Complexo Hospitalario Universitario A Coruña).

-Héctor Vereá Hernando (departamento de Neumoloxía/Complexo Hospitalario Universitario A Coruña).

-Luis Pérez de Llano (departamento de Neumoloxía/Complexo Hospitalario Xeral-Calde).

-Francisco Luis Vázquez Vizoso (departamento de Medicina Preventiva Hospital de Montecelo/Complexo Hospitalario de Pontevedra).

-Carlos Máiz Cal (Xerencia de Atención Primaria de Santiago).

-Juan Gestal Otero (departamento de Medicina Preventiva da Universidade de Santiago de Compostela).

-José Carlos Villar Chao (departamento de Medicina Intensiva/Complexo Hospitalario de Ourense).

-Jesús Javier Orejas Fernández (Servizo de Monogástricos da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria).

Actuará como secretario de actas do Comité, Alberto Malvar Pintos (Servizo de Epidemioloxía /Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación).

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Corrección de erros.-Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación, e se convocan para o exercicio orzamentario de 2009.*

Logo de advertir erros no anuncio publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 132, do 8 de xullo de 2009, cómpre facer a seguinte corrección :

Na páxina 11.881, na disposición derradeira primeira, onde di: «Facúltase o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria...» ten que dicir «Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria...».